



*PUBLICACIÓN do 24 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as vacantes definitivas que serán obxecto de provisión na resolución definitiva do concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación, convocado pola Orde de 14 de outubro de 2016 (DOG do 27).*

De conformidade co establecido na base segunda da Orde do 14 de outubro de 2016 pola que se convoca concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores técnicos de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de Educación,

**ACORDO:**

Primeiro. Publicar as vacantes definitivas para o curso 2017/18 nos colexios de educación infantil, primaria, educación infantil e primaria, educación especial, centros públicos integrados, institutos de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, conservatorios de música, escolas de artes plásticas e deseño e nas sedes da Inspección Educativa.

Segundo. Todas as vacantes definitivas que figuran nos anexos desta resolución poderán ser obxecto do concurso de traslados.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

